

## Estas son as 10 medidas propostas polos socialistas:

- 1.- Solicitar a Presidencia da Xunta de Galicia a apertura dunha mesa de traballo na que estean representadas todos os actores institucionais, sociais e económicos que poidan facer achegas para desenvolver medidas políticas urxentes para combater o abandono do medio rural galego.
- 2.- Esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a dotación orzamentaria suficiente e sostida no tempo que permita afrontar de xeito claro e o marxe das convocatorias electorais, un plan de investimentos en infraestruturas, servizos e innovación que cambie a tendencia actual.
- 3.-Solicitar a aplicación de inmediata de un paquete de medidas urxentes de contención económica que asegure a supervivencia das explotacións que se viron afectadas polas inclemencias climáticas (xeadas e seca) e os lumes catastróficos.
- 4.- Pedir que non se retrase nin un día máis a solución aos graves problemas estruturais que ameazan o futuro de agricultores e gandeiros, como a mobilidade de terras que permita o acceso ás terras aos mozos que se incorporarán nos próximos anos.
- 5.- Propoñer unha nova política forestal, que permita harmonizar os usos produtivos do monte coa protección medioambiental e a prevención dos lumes. Buscando fórmulas efectivas que faciliten a agrupación forestal de terreos particulares, e buscando fórmulas que permitan poñer en produción agraria ou forestal as máis de 300.000 ha de montes veciñais en estado de grave abandono. Dando valor engadido á madeira dos nosos montes e xerando emprego industrial no rural.
- 6.- Solicitar a reforma do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia, de forma que estes Fondos da UE se dediquen realmente ao apoio a agricultores e gandeiros, reforzando as súas rendas, a través do coidado medioambiental do territorio que supoñen as terras agrarias.
- 7.- Abrir novas oportunidades económicas a través das enerxías renovables, na procura dun modelo multifuncional do noso rural, onde caiban novas iniciativas de creación de riqueza e emprego.
- 8.- Garantir unha axeitada chegada da banda ampla de internet a todo o territorio rural galego, en condicións de igualdade coa calidade de acceso no medio urbano, para poder facilitar a chegada da Sociedade da Información e aposta en marcha de novos modelos de servizos e negocios asociados a ela.
- 9.- Apostar polos servizos no rural galego, mantendo os puntos de atención sanitaria e asistencial. Buscar solucións para evitar o peche de escolas, no ensino primario. Fomentando as axudas para natalidade e conciliación no medio rural.
- 10.- Poñer fin a sucesión de accións punitivas inxustificables contra as rendas dos produtores do rural por parte das administracións estatal e autonómica, (catastrazo, inspeccións abusivas de Traballo, descontrol en reclamacións fiscais, etc)